



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 741 Semana do 31 de xullo ao 6 de agosto de 2017

A TAXA DE COBERTURA POR DESEMPREGO É DE TAN SÓ O 50,4 POR CENTO, DEIXANDO FÓRA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN XA A 102.302 PERSOAS

MÁIS TEMPORALIDADE E PRECARIIDADE QUE NUNCA

Isto incrementa a pobreza laboral

Redacción.- UGT-Galicia fai fincapé en que a redución do desemprego en Galicia en xullo en 7.794 persoas débese, como é habitual neste mes que normalmente é un dos mellores do ano para o emprego, a factores estacionais, especialmente por contratacións vinculadas ao turismo e a temporada de vacacións, e, ademais, denuncia que esta diminución do paro baséase en contratos temporais cada vez máis precarios. Precariedade que está consolidando a pobreza laboral e precariedade que chega tamén ao desemprego, xa que as prestacións apenas cobren á metade das persoas que están no paro.

Sen dúbida é unha boa nova que o emprego aumente, a afiliación medrou en 16.721 cotizantes, e que o paro baixe. Por outra banda, isto é o esperable nunha economía que medra a un ritmo do 3 por cento, a pesar disto, dende UGT considérase que Galicia segue amosando unha crise de emprego, cunha taxa de paro do 16,1 por cento, e porque os datos de xullo revelan que as empresas galegas seguen facendo só contratos temporais.

No mes de xullo a cifra de contratos é récord, asináronse un total de 107.578. A pesar disto, hai que lamentar que os indefinidos continúan caendo, un 8 por cento, e medran os temporais, un 4,7 por cento. Así, a porcentaxe de indefinidos sobre os temporais queda nun 6,2 por cento.

Por outra banda, case 108.000 contratos rexistrados para un mercado laboral de 996.598 cotizantes denotan estacionalidade, precariedade e altos niveis de rotación laboral. Varias caras dunha mesma moeda.

Continuando coa análise das cifras, estas amosan que no mes de xullo hai 181.871 persoas en situación de desemprego, un descenso no mes dun 4,11 por cento. Interanualmente a baixada foi dun 6,95 por cento, 13.586 persoas en desemprego menos que no mes de xullo de 2016.

No Estado a caída no mes foi dun 0,8 por cento e no ano dun 9,43 por cento. En xullo

houbo 3.335.924 persoas no Estado en situación de desemprego. Estas diferenzas indican que Galicia está máis sometida a factores conxunturais.

Por sexos, o paro baixa entre os homes nun 5,5 por cento, 4.517 parados menos. No caso das mulleres a baixada foi dun 3,1 por cento, 3.277 mulleres menos no paro. Interanualmente, baixa un 10,62 por cento no caso dos homes e un 3,96 por cento no caso das mulleres. Os datos amosan a maior debilidade da recuperación do emprego feminino e unha brecha mulleres-homes na contorna do desemprego que aumenta. O desemprego feminino xa acada o 56,9 por cento do total.

En xullo continuaban como parados 8.540 mozos menores de 25 anos. Neste sector da poboación o paro caeu no mes nun 4,7 por cento e interanualmente nun 5,7 por cento.

O desemprego cae en todos os sectores. Dun xeito máis incisivo no primario, nun 10,2 por cento, aínda que en termos absolutos a maior baixada dáse no sector servizos, onde diminúe en 4.925 persoas. De feito, o 63,2 por cento da caída do desemprego no mes rexístrase nos servizos. En relación a hai un ano, a baixada foi moi acusada na construción, dun 19 por cento, e na industria, dun 11 por cento.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 996.598 cotizantes, 16.721 máis que en xullo de 2017. No ano hai en Galicia un incremento de 22.625 cotizantes.

O número total de contratos rexistrados en Galicia en xullo acada unha cifra récord nun mes, 107.578, pero caen os indefinidos nun 7,96 por cento e medran os temporais nun 4,71 por cento. A proporción de indefinidos sobre o total dos contratos segue sendo mínima, do 6,2 por cento



neste mes.

Por outra banda, os datos constatan a precariedade que soportan as persoas que están en situación de desemprego. O número de beneficiarios de prestacións é de 87.363 amosando unha nova caída anual, 9.205 beneficiarios menos. A taxa de cobertura é do 50,4 por cento, deixando fóra do sistema de protección por desemprego a 102.302 persoas. A taxa de cobertura no Estado foi do 55,6 por cento. Existe un forte diferencial que amosa a clara desvantaxe desta Comunidade.

A isto hai que sumarlle que tan só 34.835 beneficiarios perciben prestacións de carácter contributivo, o que amosa a precariedade na cobertura tanto cuantitativamente como cualitativamente. Así, a gran maioría da cobertura é de carácter asistencial, ben sexa a través dun subsidio (41.029 beneficiarios), como a través da renda activa de inserción (10.437 perceptores) ou o programa de activación de emprego (1.062 beneficiarios).

Neste senso, UGT-Galicia lembra que unha das tarefas da mesa de diálogo social é revisar o actual sistema de protección ao desemprego, co obxecto de corrixir as insuficiencias, ao tempo que se reordenan os distintos tipos de prestacións, subsidios e rendas asistenciais.

É fundamental analizar todos os programas de protección para os desempregados con maiores dificultades (RAI, PREPARA e PAE), co fin de poñer en marcha un verdadeiro plan de choque polo emprego e mellorar a protección das persoas.

DESCONVOCADA A FOLGA DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA

Remata así un longo conflito que trouxo consigo varias xornadas de folga e que estalou a finais de xuño co Plan de reordenación de liñas do Goberno galego

Redacción.- Tras unha longa reunión mantida o pasado mércores na sede do Consello Galego de Relacións Laborais en Santiago, -contextualizada nun longo conflito laboral que se abriu o pasado mes de xuño cando a Xunta presenta o Plan de reordenación de liñas para Galicia-, patronal e sindicatos conseguiron chegar a un acordo que desconvoca definitivamente a folga do transporte de viaxeiros por estrada.

Lembrar que este conflito levou aparelladas varias xornadas de folga e moitas xuntanzas, tanto coa Xunta como cos empresarios do sector, para intentar desbloquealo.

Os acordos salariais das catro provincias era o escollo que aínda permanecía enriba de mesa e que ameazaba con activar de novo a convocatoria de folga. Pero onte, despois dunha longa reunión, quedou

pechado un acordo que recolle un incremento salarial do 2,6 por cento en Lugo e Ourense a partir do 1 de xullo; do 3,8 por cento en Pontevedra, tamén dende o 1 de xullo; en A Coruña o aumento será do 2,6 por cento dende o 1 de agosto e a esta suba se lle sumará un 0,4 por cento máis a partir do 31 de decembro.

Ademais, incluíuse no acordo a subrogación do emprego que xa se pechara previamente coa Xunta.

Beatriz Meilán (FeSMC-UGT), que levou o peso da negociación dende UGT, valorou a importante labor do CGRL no proceso negociador que se salda cunha solución que vale ás dúas partes.

Para a parte social cúmprese coa recuperación do poder adquisitivo e o pac-



Rolda de prensa na que os sindicatos presentan o conflito

tado non vai supoñer un lastre para as empresas.

Por elo, Meilán reivindicou o esforzo de ambas partes, despois dunha crise que duraba xa dende finais de xuño.

FESE-UGT OPONSE A QUE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL REALICE UN CONVENIO CO SERGAS PARA AXILIZAR AS LISTAS DE AGARDA NOS EQUIPOS DE VALORACIÓN E ORIENTACIÓN DE DISCAPACIDADES

Redacción.- O Comité intercentros do persoal laboral da Xunta denuncia o convenio entre a Consellería de Política Social e o Sergas para que o persoal deste Organismo autónomo realice funcións que lle son propias ao persoal da Consellería de Política Social.

Neste proceso, o Comité intercentros, do que FeSE-UGT-Galicia forma parte, denuncia o escurantismo co que a Xunta realizou este convenio, parcheando así un problema de falta de recursos humanos e de cobertura de postos cunha solución externa aos órganos que teñen competencia nos procedementos en cuestión. O Comité intercentros, en reiteradas ocasións, solicitou por escrito e verbalmente ter acceso ao convenio e non se lle deu.

Existe un problema de falta de persoal por mor de non proceder ao incremento de prazas nos centros que sexan quen de atender a demanda xerada polos usuarios. Isto orixina que nalgúns provincias xa se superen os 12 meses de agarda para a valoración de grado de discapacidade, co conseguinte atraso nun recurso se este supera o 33 por cento.

O Comité considera que os profesionais do Sergas non poden realizar as funcións dun médico, nin doutro profesional dun equipo de valoración e orientación porque incúmprese o disposto no Real Decreto 1971/1999 modifi-

cado polo Real Decreto 1364/2012, normativa que regula a composición dos órganos técnicos que terán que estar formados polo menos por un médico, un psicólogo e un traballador social utilizando criterios interdisciplinarios.

É obriga moral deste órgano de representación do persoal da Xunta informar á cidadanía das consecuencias demoledoras que vai orixinar este convenio aos usuarios dos equipos de valoración e orientación:

*Contradí o RD 1971/99 no relativo á composición de órganos (médico, traballador social e psicólogo) e a interdisciplinidade ao non valorar a persoa de xeito integral no seu aspecto bio-psico-social.

*Descontextualízase e fragmentase o proceso de valoración, convertendo o acto cualificador e de valoración nun acto burocrático e impersoal, coa imposibilidade de contrastar a información obtida polo órgano de valoración e a realidade funcional do solicitante en concreto, incrementando deste xeito a posibilidade de erro.

*Falta de obxectividade dos informes que non poderán ser contrastados polos órganos de valoración, xa que se farán sobre o papel sen darlles a oportunidade de explicar como inflúen as súas doenzas na súa vida cotiá.

*Eliminación da rigorosidade na cualificación social, xa que, por un lado, se requirirá o recoñecemento directo do usuario coa correspondente entrevista e, por outro, valorárase en base aos informes pertinentes non ofrecendo a estes últimos a información, asesoramento e orientación necesarios.

Por todo isto, o Comité intercentros esíxelle á Xunta e á Consellería de Política Social:

1. A cobertura inmediata de todos os postos vacantes coa creación dos necesarios nas distintas xefaturas territoriais.

2. Que non obriguen ao seu persoal a dar por válido un traballo que non fixo, obviando a súa profesionalidade demostrada dende a súa creación ata o de agora.

3. Que a Xunta e a Consellería de Política Social desistan da súa intención de derivar funcións que deben realizar única e exclusivamente os profesionais da Consellería.

Finalmente, o Comité anuncia que estandarará a posibilidade de emprender as accións legais oportunas unha vez que se lle obrigue ao persoal a incumplir premeditadamente a normativa en materia de valoración do grado de discapacidade poñendo en risco este servizo público, obxectivo e rigoroso, co conseguinte prexuízo para os usuarios.

UGT CONSIDERA “UNHA BARBARIDADE” QUE O XULGADO DE GARDA ASUMA OS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN A CORUÑA

Redacción.- FeSP-UGT-Xustiza considera “unha barbaridade” que o xulgado de garda se teña que facer cargo dos asuntos de violencia de xénero en A Coruña.

A orixe do problema está na falta de orzamento do Ministerio de Xustiza que deixará a A Coruña un mes sen maxistrado do Xulgado de violencia sobre a muller. Isto provoca que sea o xulgado que cada semana esté de garda o que teña que asumir as súas funcións.

Sergio Rivero (FeSP-UGT-Xustiza) lembra que na unidade especializada en-

tran ao ano unha media de máis de tres procedementos diarios. Ademais, criticou que se veña de alcanzar un pacto de Estado contra a violencia de xénero e que o Goberno careza de fondos para substituír ao xuíz de violencia sobre a muller de A Coruña durante un mes.

Ademais, esta situación obrigará á unidade que exerza a garda a sumar os casos de violencia de xénero que cheguen ao



xulgado á súa carga ordinaria de traballo.

TRABALLADORES DA ZONA AZUL DE VIGO TEMEN A PERDA DE EMPREGOS

Redacción.- Os traballadores da zona azul de Vigo temen a perda de postos de traballo, entre 12 e 14, dun total de 40, no caso de que o Concello elixa a mellor oferta económica que se presentou ao concurso público, que rebaixa nun 31 por cento o orzamento dos pliegos.

Santos Sánchez (FeSMC-UGT-Vigo) explicou que na apertura das plicas e sobres do concurso atopáronse con que a actual adxudicataria do servizo presentou esta rebaixa do 31 por cento. Isto supón 600.000 euros menos que o establecido nos pliegos. Dadas as características do servizo, que ten practicamente como único gasto o persoal, os delegados cren que a empresa recortará en número de traballadores en caso de resultar a gañadora do concurso, que parece o máis probable porque está empatada en valoración técnica



co resto das empresas.

FeSMC non entende como pode levar tres anos a empresa pedindo unha compensación económica ao Concello e no novo concurso propoñen unha rebaixa do 31 por cento.

Os delegados indicaron que xa lle foi trasladada ao Concello a súa preocupa-

ción pola perda de 15 empregos e, en xeral, pola falta de control das concesionarias municipais.

Os delegados advertiron que no caso de ser Dornier a elixida ao día seguinte haberá concentracións ante o Concello de Vigo, máis aló da posibilidade de que o concurso volva ser denunciado ante os tribunais.

FESE DENUNCIA LISTAS DE ESPERA PARA ATENCIÓN PRIMARIA EN CENTROS DE SAÚDE DE LUGO

Redacción.- FeSP-UGT-Lugo ven de denunciar listas de espera en atención primaria nos centros de saúde de Lugo cidade e da provincia.

Concretamente, a federación fixo mención a un caso no que se pediu cita para o luns desta semana e se lle adxudicou para o xoves. Esta é unha situación que se está a repetir en toda a provincia.

Isto está vinculado a que non se está substituíndo ao persoal durante as vacacións, facendo o Sergas unha

interpretación cicatera dos acordos de vacacións, xa que hai centros en que se marchan dous ou tres facultativos e non son substituídos.

Unha situación que repercute na cidadanía e nas consultas e leva a que se acumulen os cupos naqueles facultativos que non están de vacacións.



UGT VAI PROPOÑER UN SALARIO MÍNIMO DE 1.000 EUROS NA NEGOCIACIÓN DO NOVO AENC

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, anunciou que o sindicato vai propoñer "un salario mínimo de 1.000 euros por convenio" nas próximas reunións coas organizacións empresariais para negociar o novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), co fin de "axudar aos traballadores para saír da situación de dificultade na que se atopan, a pesar da recuperación. Vivir no noso país con 1.000 euros é moi difícil, pero cos 600 euros de agora é imposible".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións durante a súa entrevista no programa "Hora 25" da Cadena Ser, onde manifestou que espera que "en setembro, cando falemos de 2018, non sexa imposible chegar a un acordo. As propostas da patronal para 2017 eran insuficientes. Un acordo que rebaixe os convenios colectivos non nos interesa. A negociación de 2018 pode levarnos a saír da situación que temos".

Neste sentido, sinalou que, se a patronal non se aviene a negociar, haberá mobilizacións. "Se se retoma a negociación con lóxica para repartir a riqueza que se xera no noso país o nivel de mobilizacións será menor. Se a patronal séguese aproveitando da reforma laboral á hora de negociar teremos mobilizacións porque é o momento de repartir a riqueza no noso país".

A lectura dos datos de emprego, por parte do Goberno, non teñen nada que ver coa realidade

Unha riqueza minguada pola calidade do emprego e os salarios. "O Goberno dá os datos de paro desde a perspectiva publicitaria e non desde o problema de fondo. España ten un problema de creación de emprego estable, de salarios dignos. Créase emprego estacional e precario, hai que facer políticas para que a industria sexa o motor que xere emprego no noso país e

para mellorar substancialmente os empregos no sector servizos".

A lectura dos datos de emprego por parte do Goberno "non teñen que ver coa realidade", asegurou. "Moitos cidadáns teñen soldos por baixo dos 600 euros, con traballos que non son a xornada completa porque non teñen outra oportunidade. A muller e os mozos seguen sendo os grandes perdedores da recuperación económica, traballan en peores condicións e con contratos máis inestables".

Neste sentido, afirmou que "hai dúas velocidades, a do Goberno e poderes económicos e outra a do cidadán do montón, que ve como cada día ten máis dificultades para chegar a fin de mes.

Por iso, esixiu "outras políticas que axuden a crear emprego pero para poder vivir. Hai que crear emprego de calidade que nos achegue ao centro de Europa e non ao norte de África. O Goberno ten o obxectivo dos 20 millóns de empregos en 2019, pero con iso non haberá autosuficiencia, porque o problema é a cotización que teñen eses traballadores. Por iso, creo que o Executivo ten que derrogar a reforma laboral, para volver a un país máis estable mediante a negociación e o acordo".

Solucionar a cuestión catalá mediante diálogo e entendemento

Preguntado pola situación en Cataluña,



Pepe Álvarez reiterou a necesidade de "diálogo e entendemento" con España. "Só neste camiño poderanse atopar solucións ao momento no que vivimos. Estamos a perder o tempo. Cataluña necesita poñer as enerxías en sacar ás persoas das dificultades nas que se atopan, España necesita sumar enerxías tamén, e mentres nos mantemos na actual situación perdemos o tempo e moitas desas enerxías".

En relación coas accións dos últimos días contra o turismo, sinalou que "me parecen canalladas. Creo que non ten nada que ver coa cidade de Barcelona ou Mallorca. A cuestión do turismo nalgúns zonas require cambios substanciais nas políticas. Os turistas non se poden continuar contando polas persoas que nos visitan, senón polo que deixan no noso país".

Por iso, manifestou a necesidade de "abordar políticas a fondo para que a venda sexa accesible a todos, para que o comportamento dos turistas sexa adecuado, etc. Estas canalladas non representan para nada á maioría de cidadáns de Barcelona ou Mallorca, que queren aos turistas e que comparten vida con eles".

UGT esixe a retirada da nova campaña contra as persoas LGTBI

Redacción.- UGT esixe a inmediata intervención dos poderes públicos para a retirada da campaña de Hazteoir contra as persoas LGTBI e denuncia que, unha vez máis, esta organización de carácter retrógrado e homófobo conculca os dereitos fundamentais das persoas.

Pasaron case 40 anos desde a aprobación da Constitución Española, Constitución

que propugna a liberdade, a igualdade e a xustiza, onde todos os cidadáns somos iguais ante a Lei, onde non pode haber discriminación por razón de orientación e identidade sexual. Valores que a día de hoxe non foron plenamente conquistados.

Tras superar o concepto de sociedade franquista, a consideración da superioridade do home e, nun contexto ideolóxico que ex-

clúe calquera disidencia sexual e de xénero, onde a homosexualidade e a bisexualidade, considerábanse un delito e unha enfermidade. Temos que asistir, de novo ao carácter retrógrado e homófobo dunha organización que conculca os dereitos fundamentais das persoas, e que atenta contra a dignidade e intimidade persoal de todos os cidadáns deste país. Retroalimentando condutas delituosas e denigrantes.

UGT PRESENTA AS MARCHAS DOS XUBILADOS POR #PENSIONESDIGNAS

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, e o secretario de Políticas Públicas e Protección Social de CCOO, Carlos Bravo, presentaron as marchas dos xubilados por unhas pensións dignas, que percorreren todo o país desde o 30 de setembro ao 9 de outubro, nunha rolda de prensa na que participaron, ademais, os secretarios xerais da Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT e a Federación de Pensionistas de CCOO, Anatolio Díez e Julián Gutiérrez.

Unhas marchas "ante un Goberno que non responde a ningunha das propostas das organizacións sindicais, nin da maioría parlamentaria que nos apoia, para revalorizar as pensións e soste o sistema de Seguridade Social", como sinalou Barrera.

"As pensións están seriamente ameazadas pola reforma do PP de 2013. Existe unha situación astronómica de déficit da Seguridade Social e os pensionistas perden ano a ano poder adquisitivo pero a única solución do Goberno, cun aumento da economía no noso país, é recortar as pensións", manifestou.

Neste sentido, lembrou que "na mesa de diálogo social expuxemos propostas para resolver o déficit e acabar coa paupérrima situación das pensións pero o Goberno non atendeu ningunha medida, deixou o diálogo social en suspenso e practica unha política de feitos consumados, xa que descubrimos nos PXE 2017 que se habilita un crédito de 10.200 millóns para non esgotar o Fondo de Reserva que endebede aínda máis á Seguridade Social".

Por iso, UGT e CCOO convocaron estas marchas, "que poñan de manifesto a situación real do sistema, que condena á po-



breza aos pensionistas actuais e futuros. Marchas históricas que acaben coa resistencia do Goberno e dea marcha atrás á súa reforma de 2013, co fin de que as pensións dean para vivir".

Marchas que, como sinalou Anatolio Díez, saíran de varios puntos xeográficos para confluír o 9 de outubro en Madrid e coas que queremos recuperar o Estado de Benestar para os pensionistas. O Goberno está a esquecerse do papel que xogaron os pensionistas durante a última crise, sostendo a miles de familias neste país".

Por iso, Barrera anunciou que tanto UGT como CCOO están a poñerse en contacto con numerosas organizacións sociais para que se unan. "Toda a cidadanía débelle lanzar unha mensaxe clara ao Goberno en contra da súa reforma e a favor dunha revalorización digna das pensións".

Propostas de UGT

Barrera lembrou, a preguntas dos xornalistas, as propostas que o sindicato trasladou ao Goberno en materia de pensións:

1.- Asegurar o poder adquisitivo das pensións. Para iso, é necesario recuperar a previsión de inflación como referente para a subida das pensións, incluíndo unha cláusula de revisión a final de ano. Porque, coa actual fórmula imposta polo Goberno do PP, en pouco máis de 10 anos, o sistema de pensións converterase nun sistema de pensións mínimas.

2.- Revisión inmediata das fontes de financiamento. É necesario que o sistema de pensións, sen excluír a ningunha pensión, financiese non só con cotizacións senón con impostos. Trátase de crear unha cesta de impostos, de carácter finalista, que permitise ademais alimentar o Fondo de Reserva.

3.- Erradicar o déficit da Seguridade Social: acabando coas bonificacións á contratación das empresas, e financiando os gastos da Seguridade Social desde os PXE (como o resto dos ministerios e organismos públicos). Así mesmo, deberían destoparse as bases de cotización. Só con estas tres medidas poderían obterse 15.500 millóns de euros e acabar co déficit da SS, que foi aumentado nos últimos anos de maneira alarmante polas políticas do Goberno do PP.

O FUTURO DIXITAL DO NOSO PAÍS DÉBESE BASEAR NA CREACIÓN DE EMPREGO DE CALIDADE

Redacción.- A publicación por parte do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (MINETAD) da Consulta Pública sobre a Estratexia Dixital que o Goberno busca poñer en marcha é aplaudida polo Sindicato, que considera este feito como o comezo dun necesario debate sobre as consecuencias da transformación dixital.

UGT entende que estamos inmersos nunha revolución dixital que se acelera día a día, que cambiará moitos dos cimentos

da economía e da sociedade en xeral, pero sobre todo, que terá un forte impacto no emprego e, indo máis aló, consecuencias profundas nas relacións entre todos os actores implicados, xa sexan empregadores, empregados, plataformas, sindicatos e administracións públicas.

O sindicato valora positivamente que a consulta contemple como un dos seus eixos fundamentais o emprego e a cidadanía dixital, outorgando a ambas as cuestións a

importancia que se merece dentro do contexto transversal que representa a dixitalización.

En definitiva, UGT pretende que o futuro dixital do noso país se base na creación de emprego de calidade e de alto valor engadido, que axude a afianzar unha verdadeira cohesión social e territorial, a través dun modelo económico sustentable e igualitario e no que non deixemos a ningún atrás.